

## **CONSULTAS RELATIVAS AO ESPAZO ESCÉNICO**

- Falan dun espazo escénico de 8 x 7 x 4 m. (...) haberá unha teitume onde acorar elementos? Paredes laterais? Ou é un espazo que nos debemos configurar partindo de cero? ¿contemplan a posibilidade de disgregar o espazo escénico ou establecer outro tipo de relación co público que non sexa a estritamente frontal?.

Non podemos supoñer que exista unha teitume onde ancorar elementos nin paredes laterais. Nos teatros non hai teitos practicables, aínda que poden existir varas móbiles ou fixas para pendurar focos que poderían tamén servir para ancorar elementos de pouco peso. Pero nunca son iguais. A existencia de paredes e a distancia entre paredes é moi variable. O único que sempre existe é o chan.

A disposición do público será normalmente frontal xa que apenas existen teatros que permitan outra disposición. Pero se pode concibir o espazo aberto por se chega a existir esa posibilidade.

- (...) O espazo escénico vai a estar aberto por un só dos seus lados ao público (escenario tradicional) ou ... vai a ser un escenario central ou vai ter máis lados abertos ao público?. Si o lateral aberto vai ser o máis longo e desde onde se accede a bambalinas.

Polas características físicas dos teatros aos que podemos ter acceso, o público vai estar situado só nun dos lados, tendo unha visión frontal do escenario desde un dos seus lados máis longos. O acceso a bambalinas non se pode predeterminar porque os teatros son moi diferentes entre sí, polo que conviría deixar aberta a posibilidade de que se poda acceder por calquera dos dous laterais curtos (ou por detrás). En calquera caso, e aínda que a visión do público sexa frontal, pódese concibir un espazo máis "aberto".

## **CONSULTAS RELATIVAS AO FORMATO DAS PROPOSTAS**

- Idioma de redacción da proposta

o idioma de redacción pode ser galego ou español, a elección do concursante.

- Respecto da entrega da documentación gráfica do concurso chévere. Nas súas bases indican "*Aportaranse ata un máximo de 10 imaxes expresivas a xuízo dos autores (formato JPEG cunha resolución mínima de 300 ppp e un tamaño non superior a 10 MB)*" entendo que cada imaxe debe ser inferior a 10 mb e non o "album" completo.

Efectivamente os 10 MB son o tamaño máximo de cada documento gráfico (non do total dos 10).

- (...) formato de presentación das memorias e si o límite de 10 MB é para o conxunto das 10 imaxes ou para cada unha delas.

Non existe un formato esixible para a memoria senón unhas indicacións sobre seu contido. En canto ao límite de 10MB é para cada unha delas (é dicir, para cada documento gráfico).

- ¿As imaxes correspondentes á descrición gráfica da proposta deben respectar algún tamaño de folia tipo A2 A3...?

As bases unicamente establecen un número máximo de documentos gráficos (ata 10) e a resolución mínima de cada un deles e o tamaño (non superior a 10MB). O resto de cuestións deixase a criterio do concursante si ben deberá permitir a súa correcta visualización e comprensión.

**- ¿Cal é o formato a presentar os jpgs? ¿paneis con formato definido, dimensións a definir polos autores ...?**

As bases unicamente establecen un número máximo de documentos gráficos (ata 10) e a resolución mínima de cada un deles e o tamaño (non superior a 10MB). O contido de cada documento gráfico deixase a criterio do concursante si ben deberá permitir a súa correcta visualización. Por exemplo, si un documento gráfico fose un panel con varias imaxes estas deberán ter a resolución suficiente para súa correcta visualización e comprensión.

### **CONSULTAS RELATIVAS AO PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL**

- ¿O "custe da execución material " inclúe a man de obra da montaxe da proposta ou simplemente se refire o custe dos materias empregados na construción.?

O orzamento refírese a custes totais, man de obra incluída.

### **CONSULTAS RELATIVAS Á PLATAFORMA DO CONCURSO E INCIDENCIAS AO SUBIR DOCUMENTACIÓN.**

- Ao subir a documentación gráfica á plataforma, hai imaxes que se ven en miniatura e outras que non. ¿Significa isto que non están cargadas correctamente? Subín (...) imaxes da mesma forma, ningunha excede os 10 MB e só vexo a vista en miniatura dalgunhas delas, as outras só están marcadas cun tick (para establecela como predeterminada) e unha x (para eliminala).

O problema é que son demasiado grandes, non en Mega Bytes, senón nos píxeles de ancho e alto (144 Mega Pixels en varios casos). Iso fai que a función que as redimensiona falle, e é moi posible que non podan verse nun navegador web. Debe redimensionalas (sen superar 5120 pixels de ancho ou alto) e subilas de novo.

- ¿Onde se atopa o Boletín de participación e identificación?

Unha vez que se accede á plataforma do concurso (previa creación do usuario no caso de non estar colexiado no Colexio de Galicia ou unha vez introducido o usuario e contraseña de colexiado) debe pinchar en "presentar proposta". Aí aparecen tres pestañas: unha delas está rotulada como "formulario de inscrición e memoria". Ao pinchar nesa aparece un enlace ao formulario que deberá ser cumprimentado e despois deberá subilo á plataforma a través da pestaña "formulario de inscrición e memoria" onde se sube a documentación escrita do concurso.